

# Loisista, sempre



ARMANDO REQUEIXO  
armandorequeixo@hotmail.com



POESÍA ULTIMA DI AMORE E  
MALATTIA (1992-1995)  
LOIS PEREIRO  
Aguaplano

at máis de vinte anos, poucos meses despois de el se nos ir, escribín sobre Lois Pereiro que os seus eran "poemas de amor e morte, esperanzados pero ferros, arrestados embates do corazón que sofre, que ama e loita contra a fatalidade dun destino adverso e destrutivo", pero que, á fin, "ofrecen un alento solidario que cifra no amor á especie humana, no sacro valor da amizade, a salvación e superación do final biolóxico do individuo creador".

Sigo pensando, no esencial, o mesmo que hai dúas décadas. Talvez porque a poesía de Pereiro lograra entón congoerme fondamente, abraizado pola modernidade dunha escrita que xa daquela estaba nunha dimensión outra de todo o que ía publicándose.

En Pereiro aprendín o eclecticismo integrador de obras, nomes e culturas, que igual dialogaban con Carver que con Valéry, Dillinger e Chiapas, Octavio Paz e Rilke, os simbolistas e románticos alemáns e o Baghavad Gita, Sartre e Camões e aínda Joyce e Hölderlin. Todo para crear un mundo de persoal e inconfundible selo, no que tamén tiña cabida o ensaio e un adusto experimentalismo formal e temático.

A súa foi decote unha escrita "saudario de radicalidade e precisión lírica", unha obra na que, como el deixou dito, "hai desolación, hai soledade, mais tamén hai desexos de vivir, hai amor. Non amor con maiúsculas. O amor que se vive habitualmente. E esa tenrura que sinto polas persoas que amo, que sempre permanece".

Por iso, cando souben da aparición de *Poesía última di amore e malattia* (1992-1995), a tradución ao italiano do seu derradeiro e máis coñecido poemario, *Poesía última de amor e enfermidade* (1992-1995), regresou a min a lembranza do siamo interior que provocara a súa primeira lectura. E quixen volverle-lo. E prestoume, moito, facelo a través da voz ventrílocua de Marco Paone, quen lle deu vida na lingua do Dante, el, que tamén é poeta ademais de excelente tradutor.

A *Poesía última di amore e malattia* (1992-1995) vén a luz no seo do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Perugia, do que é director Paone. Foi alí onde se xestou este volume, que tirono do prelo Aguaplano ([www.aguaplano.eu](http://www.aguaplano.eu)), responsable dunha edición exquisita, magnificamente impresa.

As composicións de Pereiro vertidas ao italiano acompañáronse de dous textos proloquais de mérito. Dunha parte, o brillante proemio que baixo o título "Il ragazzo che scriveva dietro agli speechi" ("O rapaz que escribía tras os espellos") asina Manuel Rivas, autoridade na biobi-



Lois Pereiro

biografía do poeta, do que foi tamén grande amigo. Doutra banda, o precioso e preciso estudo introdutorio "Oltre la vita, oltre la morte" ("Alén da vida, alén da morte") que rubrica o propio Paone, valioso guieiro para se aventurar na volcánica escrita do monfortino.

Como grato colofón, esta edición engade un capítulo coas traducións ao italiano das abundosas citas dos poemas de Pereiro, que incorporou ás súas composicións textos en francés, alemán, portugués, castelán e inglés, o que dá idea do cosmopolitismo da súa escrita e tamén do mérito do traballo de Paone, quen non só tivo que esforzarse por acomodar a complexidade semántica e retórica do autor, senón tamén as numerosas alusións

e homenaxes, máis ou menos explícitas, que encerran os seus versos.

O resultado de todo este afán é unha óptima *Poesía última di amore e malattia* (1992-1995), que nos dá a alegría de ver trasladada a un novo idioma a escrita dun Lois Pereiro que xa fora antes traducido ao catalán, éuscaro, castelán, inglés e búlgaro.

Estou seguro de que en todas esas linguas os que o xa leron houberon de experimentar unha coñeción semellante á que agora vivirán os que o gocen en italiano, a mesma vibración que eu experimentei hai vinte anos cando viñei estes poemas por vez primeira, un estremecemento que me gañou sen reservas e que levo dende aquela como unha divisa loisista, sempre.